



Exp.: 2016017318

En Ourense , 24 de novembro de dous mil dezaseis

Convenio instrumental de achega do Concello de Ourense á Agrupación de AA.VV. do Perímetro Rural Miño para o ano 2016, aprobado segundo acordo da Xunta de Goberno Local do 24 de novembro, a falla de ratificación do mesmo na vindeira semana, reúnense:

Dunha banda:

D. Francisco Carlos Campos San Martín, na súa condición de Concelleiro de Participación Ciudadá do Excmo. Concello de Ourense, con CIF P-3205500-F, actuando no exercicio das facultades que legalmente ostenta.

Doutra banda:

Dna. Lorinda Fernández Faría, maior de idade, con domicilio a este efecto en rúa Doutor Marañón nº 6 baixo de Ourense, titular do NIF 44457873T , actuando en nome e representación da Agrupación A.A.VV. do Perímetro Rural e Periferia Miño, co CIF. G-32408023, na súa calidade de presidenta da mesma.

Diante de D. José Manuel da-Cunha Babarro, en calidade de Oficial Maior accidental do Concello de Ourense, para dar fe do acto, cuxos cargos e exercicio resultan da certificación que se xunta ó mesmo, e comproba a certificación do cargo que ostenta o representante da Agrupación A.A.VV. do Perímetro Rural e Periferia Miño

MANIFESTAN

Que o Excmo. Concello de Ourense, como órgano encargado de desenvolver a política cultural, deportiva e social, e promover o asociacionismo no termo municipal de Ourense, pretende conseguir a maior promoción da cultura galega e o mais alto nivel participativo entre os veciños, para o cal considera preciso establecer unha estreita colaboración coas entidades cidadáns que participan no proceso de fomento do movemento vecinal.

A lexislación de Régime Local encomenda ás Corporacións Locais favorecer a participación da ciudadanía na vida local e, en especial, o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños e recoñecéndolles, dentro das posibilidades, o acceso a achegas económicas para a realización das súas actividades (art. 72, LBRL).

A Agrupación de AAVV do Perímetro Rural Miño é unha entidade sen ánimo de lucro, de alta no rexistro de Asociacións do Concello de Ourense, e que entre as súas finalidades estatutarias está a coordinación de actividades das asociacións vecinais para lograr a unidade de acción na mellor consecución dos seus obxectivos. Igualmente, participa no diálogo coas administracións públicas, institucións ou entidades, asumindo un papel representativo dos intereses vecinais, cara ao desenvolvemento social, cultural, ambiental e económico do Concello de Ourense.

A Agrupación de AA.VV do Perímetro Rural Miño ten aprobado en Asemblea Xeral, celebrada en data 26 de febreiro de 2016, o seu orzamento e programa de actividades para o exercicio 2016, coa seguinte concreción:

| Actividade | Data | Orzamento |
|---------------------|--------------------|-----------|
| Xuntanza de Nadal | 1 de Decembro 2016 | 2.500,00 |
| Convivencia vecinal | 21 Maio 2016 | 12.000,00 |
| Andaina vecinal | 17 Setembro 2016 | 2.200,00 |



| | | |
|-------------------------|--------------------------------------|------------------|
| Viaxe cultural | 1 Outubro 2016 | 7.000,00 |
| Charlas, conferencias | 1 - 30 Novembro 2016 | 1.000,00 |
| Cursos | Abril, Maio, Outubro e Novembro 2016 | 6.000,00 |
| Gastos de funcionamento | Todo o ano | 23.150,00 |
| Total orzamento 2016 | | 53.850,00 |

A Agrupación de AAVV do Perímetro Rural Miño, a través dos seus representantes, declara responsablemente non estar incursa en causas de exclusión ou prohibición para ser beneficiaria de axudas públicas.

O Concello de Ourense contempla nos seus Orzamentos para 2016 unha axuda nominativa da que resulta beneficiaria a Agrupación de AAVV do Perímetro Rural Miño na partida 200.9240.48935.

CLÁUSULAS

Cláusula primeira.- Obxecto

É obxecto deste Convenio regular a concesión directa dunha axuda económica á agrupación de AA.VV do Perímetro Rural Miño destinada a atender os gastos do seu funcionamento e programa de actividades para o ano 2016.

Cláusula segunda.- Beneficiario e finalidade da subvención

A entidade beneficiaria desta subvención será a Agrupación de AA.VV do Perímetro Rural Miño para a realización de actividades:

Formativas, culturais, deportivas, medio ambientais, festivas, asistencia a entidades asociadas, todas las actividades relacionadas con la mejora de la calidad de vida de los vecinos y la potenciación de sus derechos.

Cláusula terceira.- Contía e financiamento

O Concello de Ourense realizará unha achega, por importe máximo de quince mil cento seis euros (15.106,00 €) para compensar os gastos soportados pola AA.VV do Perímetro Rural Miño de no exercicio 2016 que finanziarase con cargo á aplicación orzamentaria 200.9240.48935 do Orzamento de Gastos do Concello de Ourense para o exercicio 2016

A achega distribuirase en función de cada componente de gasto, segundo o seguinte desglose:

| Compoñente de Gasto | Custo mínimo | Importe da Achega |
|-----------------------------|------------------|-------------------|
| Xuntanza de Nadal | 1.100,00 | 800,00 |
| Convivencia | 10.500,00 | 5.200,00 |
| Andaina veciñal | 1.500,00 | 1.000,00 |
| Viaxe cultural | 2.000,00 | 1.000,00 |
| Cursos | 5.400,00 | 4.000,00 |
| Gastos de funcionamento | 4.200,00 | 3.106,00 |
| Total orzamento 2016 | 24.700,00 | 15.106,00 |

Cláusula cuarta.- Prazo de vixencia

A vixencia da achega establecida neste convenio esténdese dende o 14 de decembro do 2015 ata o 13 de decembro do 2016, sen se contemplar posibilidade de prórroga ningunha para a partida de actividades e funcionamento.

Cláusula quinta.- Gastos subvencionables

Serán subvencionables os gastos que respondan a natureza das actividades subvencionadas, realizados no prazo de vixencia deste Convenio e estean pagados antes do remate do prazo de xustificación.

